


PEZA DO MES

setembro

2018



OS QUIXOTES DO MUSEO ARQUEOLÓGICO PROVINCIAL OURENSE

XUNTA DE GALICIA



Os Quixotes do Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense

A obra cume da literatura española é sen lugar a dúbida, *El Ingenioso Hidalgo D. Quijote de la Mancha*. Desde a súa primeira edición en Madrid (M. de Cuesta, en 1605, 312 fols.) unha infinidade incesante de edicións a sucederon. Cervantes publica esta obra –á que continuará a segunda parte, en 1615– rematando xa a súa vida, «xa cun pé no estribo», como lle escribe ao conde de Lemos na súa última carta. É pois unha obra de madurez. Entre a primeira e a segunda parte, saen dous tórculos de Cuesta, en 1613, as *Novelas Ejemplares*; e no ano 1615, nos madrileños obradoiros da Vda. de A. Martín, *Comedias e Entremeses*.

A influencia literaria do Quixote é inmediata, e dará lugar a outras como *El Curioso impertinente* ou *La Pícaro Justina*. Esta última ve a luz en 1605, e tal e como demostrou M. Bataillon, habería

unha edición pequena do Quixote de 1604, hoxe perdida, que Rodrigo Calderón coñece, e así o cita como *Don Quixote*.


As raíces e fontes de inspiración desta obra xenial atópanse na literatura propia da Compañía de Xesús, *Monumenta Ignatiana*. Dentro desta colección documental encóntranse dúas obras autobiográficas, *El Peregrino* e *El Relato Autobiográfico*. A primeira obra non verá a luz ata o século XVIII, e en latín, porque S. Francisco de Borja mandou retirar «todos os exemplares e incluso prohíbe que se lean e propaguen». Tras este feito, encarga ao P. Ribadeneira, que faga outro relato de S. Ignacio.

¿Que era o que había naquel manuscrito que ninguén podía coñecer nin ler? A natureza humana dun home, antes de ser santo que, como bo militar, «era traveso de armas», ao que en Arévalo, «algunha dama lle rompera o corazón». Seguramente, e tal e como suxire F. Ortés, foi Catalina de Austria (posteriormente esposa de Juan de Portugal), porque ten o mesmo número de letras, 17, que Dulcinea del Toboso. Como demostrou o Pr. Ortés, o texto cervantino está literalmente copiado do relato de San Ignacio, incluso parágrafos enteiros.

A outra cuestión interesante é saber onde se fixo con ese texto Cervantes. Hai varias posibilidades: en Roma, pois alí foi camareiro do Cardeal Acquaviva, irmán do xeneral da Compañía de Xesús Claudio; en Messina, lugar do primeiro colexio dos xesuítas, con gran biblioteca, onde a Santa Liga fai a augada, camiño de Lepanto; ou en Sevilla, no cárcere, a través do visitador carcereiro, o xesuíta Pedro de León. A pesar da prohibición, os xesuítas fixérona distribuír e circular entre os seus achegados.

A influencia desta obra é fulgurante. Así en 1610, con motivo da canonización de S. Ignacio de Loyola e de S. Francisco Javier, hai unha máscara de rúa titulada *El triunfo de D. Quijote*. Outra en Barcelona, en 1633, mascarada do *Cavallero sobre Rocinante*.

Nas ricas bibliotecas dos colexios da Compañía de Xesús atopábanse exemplares das obras cervantinas. Esta afirmación compróbbase a través dos *ex libris* dos exemplares conservados e dos manuscritos redactados, a partir de 1767, tras a expulsión dos xesuítas españois. Así, en Burgos, Casa Profesa de Valladolid, Ourense, Monterrei, ata América e Filipinas. Foron pois, non só fonte de inspiración, senón tamén de expansión lectora e receptora nas súas bibliotecas. Incluso o conde



de Monterrei, inmediatamente chegado a Lima, en 1605, recibiu un exemplar do Quixote procedente de Sevilla. Algúns dos seus libros doounos ao colexio de Monterrei, ao igual que fixo a súa nai cos do seu pai.

Como afirma o Pr. Ortés: «Haberá que pescudar nas bibliotecas dos xesuítas, pois sendo unha orde que arquivou a súa historia dende sempre, ten imprescindiblemente que ter conservado moitos detalles deste asunto manexado por eles desde un principio».

Os catro exemplares que se custodian no Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense son edicións moi interesantes bibliograficamente falando. Por orde cronolóxica, son tres do século XVIII (1741, 1771 e 1783) e un do XIX (1829), todos impresos en Madrid. Do primeiro, editado por Juan de S. Martín, consérvanse exemplares na Biblioteca Nacional Española, dixital, e na Biblioteca Universitaria de Salamanca (BG 42044). Do segundo de 1771, do grande impresor Joaquín

Ibarra, tan só hai un exemplar na biblioteca da Abadía de Montserrat (C-XIV-8º-38). O terceiro, ten gravados de Selma, Palomino e Antonio Carnicero. Exemplar único, tan só hai unha edición dun ano antes (1782) na biblioteca universitaria de Salamanca (BG-11642). O cuarto de 1829, impreso de *Ramos y Compañía* (exemplar dixitalizado na BNE).

Teñen xilogramados as catro edicións, e os mellores son os de 1783, cun retrato de Cervantes na páxina de anteportada. En canto aos posuidores, houbo tres segundo os *ex libris* que nos indican quen foron os seus donos. No da edición de 1771 pon: «Soy de Manuel Enríquez, dos Chaus, fr.^a de Poulo, 1774».

A de 1783, é a máis singular pois é un regalo que fai o pintor da Xeración Doente, Ramón Parada Justel, a unha persoa para nós descoñecida: «Tu amigo Ramón Parada Justel te da las gracias; Esgos a 22 de octubre de 1887». Arriba a lapis: «Jesús». Pode que sexa o receptor da obra.

Na de 1829, figura a pluma: «Tomo 2º de la aventura de D. Quijote de la Mancha». Debaixo, e invertido, o texto: «Ferrón». A volta de páxina: «Don Quijote de la Mancha por D. Miguel de Cervantes».

É necesario indicar ademais que ningunha das catro edicións está completa. A de 1741, ten o tomo II; a de 1771, tomo I, parte I; a de 1783 (podemos dicir crítica publicada pola RAE), Primeira parte. Tomo I; e a de 1829, dous volumes que son respectivamente, primeira parte, tomo II, e segunda parte, tomo III.

Malia non estar completa, podemos concluír que, polo seu carácter histórico, filolóxico de edición crítica, artístico dos seus gravadores, tipógrafos, e incluso das súas encadernacións (vitela a de 1741, as outras tres pasta española, con lombo de pel) son feis expoñentes da maior obra da literatura universal.



CLAUSTRO DO PATIO DO MUSEO ARQUEOLÓXICO NA SÚA SEDE DA PRAZA MAIOR



ENTRADA Á SALA DE ESCULTURA DO MUSEO ARQUEOLÓXICO PROVINCIAL SITUADA AO LADO DO CLAUSTRO DE SAN FRANCISCO



INTERIOR DA SALA DE ESCULTURA DO MUSEO ARQUEOLÓXICO PROVINCIAL

MUSEO DE OURENSE

O edificio histórico que é a sede do Museo está pechado ao público por obras de reforma. Aínda así, cando é posible facilítase a súa visita, libre e tamén con posibilidade de guía, para coñecer os restos conservados e descubertos como resultado da intervención arqueolóxica realizada. O soar foi ocupado dende época romana –da que quedan algúns testemuños fragmentarios, pero relevantes na historia da cidade de Ourense–, e seguidamente por unha necrópole altomedieval, para finalmente erguer nel o pazo do bispo de Ourense, construción civil románica do século XII, moi completa e que se definiu na súa totalidade espacial e volumétrica, aínda que foi obxecto de engadidos e modificacións ata configurar o actual conxunto, monumento histórico-artístico declarado en 1931.

ESCOLMA DE ESCULTURA

En canto se realizan as obras de remodelación ofrécese aos visitantes unha visión das coleccións do Museo a través dunha cuidada selección de pezas de escultura, dende a protohistoria ao barroco, na sala San Francisco. Esta é a antiga igrexa da Venerable Orde Terceira (VOT) de San Francisco, que se sitúa ao lado do cemiterio e do ex-convento do mesmo nome, onde están o claustro gótico e a nave da igrexa cos seus monumentos funerarios góticos e renacentistas.

Teléfono : 988 230 430

O horario de visita:

martes a sábado: 9.00 a 22.00 h ininterrompido

domingo: 9.00 a 15.00 h

luns pechado

Outros servizos do Museo

Os servizos de información xeral, biblioteca e consulta de investigadores están dispoñibles na situación provisional do Museo, na rúa Xílgaros s/n, (Centro Santa María de Europa, A Carballeira), 32002 Ourense.

Teléfono: 988 788 439

Horario de atención ao público: de luns a venres, das 9.30 ás 14.30 h e das 16.00 ás 20.30 h

www.musarqourense.xunta.es
mapour@xunta.es

PEZA DO MES:

EDITA: Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense

TEXTO: Justo Carnicero Méndez-Aguirre

FOTOGRAFÍA: Fernando del Río

MAQUETA: Araceli Gallego

ISSN: 1579-9956

Museo Arqueolóxico 

galicia



XUNTA
DE GALICIA